

ESTATUTO DO CLUB

CLUB DE TENIS CODESAL

CAPÍTULO I. DENOMINACIÓN, ACTIVIDADE DEPORTIVA E ENDEREZO DO CLUB

Artigo 1

O Club de Tenis CODESAL, é unha asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con enderezo na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto a práctica dunha ou varias modalidades deportivas polos asociados, así como a participación en actividades e competicións oficiais.

Esta entidade deportiva rexerese polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, a normativa de desenvolvemento de dita lei, os regulamentos das federacións deportivas nas que se atopa asociada, o estatuto e os regulamentos do club, e polas normas do dereito privado.

O Club solicitará a ratificación do estatuto e a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei do deporte de Galicia.

Artigo 2

O Club de Tenis CODESAL practicará como modalidade deportiva principal a de Tenis e como modalidades secundarias as de Natación e Pádel, sen prexuízo de que a Asemblea Xeral poida acordar a práctica de outras modalidades deportivas, sen que tal circunstancia supoña unha modificación estatutaria, debendo notificarse ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Artigo 3

O enderezo social do Club de Tenis CODESAL fíxase en A Pasaxe s/n, C.P. 36788, poboación Camposancos, concello de A Guarda, provincia de Pontevedra, teléfono 986627210, Fax 986627210, email codesal@ctcodesal.com .

O Presidente cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o cambio de enderezo social dentro da mesma localidade. Para o traslado do enderezo a outra localidade, que deberá

ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ambos casos, o cambio do enderezo social non implicará modificación estatutaria e terá que notificarse aos socios e ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CAPÍTULO II. NOMES, DNI E ENDEREZO DAS PERSOAS INTEGRANTES DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 4

As persoas que forman a xunta directiva desta entidade deportiva son:

Don/a JAVIER DEL AMO FONTÁN, DNI 35556946G, maior de idade, con enderezo en Rúa Enrique M^a Sesto 1 -3^o Iz., 36780 A GUARDA.

Don/a GUILLERMO GARCÍA LOMBA, DNI 35556775V, maior de idade, con enderezo en Camiño de Saa 2A, 36788 Camposancos, A GUARDA

Don/a VANESA NÚÑEZ GONZÁLEZ, DNI 76899337X, maior de idade, con enderezo en Rúa Tomiño 9 – 1^o, 36780 A GUARDA

Don/a MIGUEL ÁLVAREZ ROTEA, DNI 34886204B, maior de idade, con enderezo en Rúa Brasilino Álvarez Sobrino 16, 36780 A GUARDA

Don/a MARCOS MILEGO BAZ, DNI 15491589P, maior de idade, con enderezo en Rúa Ireira 13 – 1^o, 36780 A GUARDA

Don/a JOSÉ ANTONIO BAZ LOMBA, DNI 76897859G, maior de idade, con enderezo en Rúa Manuel Álvarez 12 – 3^o A, 36780 A GUARDA

Don/a ANTONIO DEL AMO FONTÁN, DNI 35556947M, maior de idade, con enderezo en Rúa Enrique M^a Sesto 1 -3^o Iz., 36780 A GUARDA

Don/a BEATRIZ LOMBA FREIRE, DNI 35558244Z, maior de idade, con enderezo en Baro. Cachadas 86, 36780 A GUARDA

CAPÍTULO III. DOS SOCIOS. REQUISITOS E PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN E PÉRDIDA DA CONDICIÓN DE SOCIO. DEREITOS E DEBERES.

Artigo 5

O número de socios é ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender a admisión de novos socios cando existan razón de aforo ou capacidade física das instalacións.

Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, familiares e eventuais.

Artigo 6

Son socios de número todas as persoas maiores de idade que satisfagan as cotas establecidas pola Asemblea Xeral.

Son socios eventuais os admitidos pola Xunta Directiva, sempre e cando cumplan as seguintes condicións:

- a) Ser maior de idade, con plena capacidade de obrar, sen residencia permanente na provincia de Pontevedra.
- b) Ser proposto por dous socios de número.
- c) Satisface-la cota de admisión que estableza a Xunta Directiva.

A cota social dos socios eventuais será, polo menos, o dobre que a dos socios de número. A eventualidade non se poderá manter máis aló de catro anos, e poderá estenderse ó cónxuxe ou parella de feito e aos fillos non emancipados menores de dezaioito anos.

Son socios familiares os cónxuxes ou parellas de feito dos socios de número mentres se manteña a situación, previa acreditación da condición de convivencia. Así mesmo, terán a condición de socios familiares os fillos menores de idade e aquelas persoas que dependan economicamente dos socios de número e convivan con eles.

Entre os socios de número efectúanse as seguintes distincións que levan consigo unha redución da cota:

- a) Socios de honra: persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción en atención as súas relevantes calidades ou en mérito aos servicios prestados ao club.
- b) Socios xubilados: cando os socios de número alcancen a condición de xubilados ou se atopen en dita situación, con polo menos 15 anos de antigüidade na sociedade, previa solicitude dos interesados.
- c) Socios aspirantes: os fillos dos socios de número, unha vez que cumplan a maioría de idade, pasarán a ser automaticamente socios aspirantes sempre que convivan e dependan economicamente do socio de número, e aboen a cota asignada. Ao cumprir 24 anos perderán esta distinción e accederán á condición de socio de número ordinario, sen someterse ós requisitos de admisión e sen pagar cota de entrada.

Artigo 7

Os socios da entidade teñen os seguintes dereitos:

- a) Expoñer libremente a súa opinión no seo da entidade deportiva.
- b) Utilización dos servizos e instalacións sociais.
- c) Esixir que a entidade deportiva se axuste ao establecido na normativa autonómica e nos presentes estatutos.
- d) Coñecer as actividades da entidade deportiva e examinar a documentación, previa petición razoada ao presidente.
- e) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da entidade deportiva, sempre que teñan plena capacidade de obrar. Este dereito só o terán os socios de número.

Son obrigas dos socios:

- a) Contribuír ao cumprimento dos fins da entidade deportiva.
- b) Acatar as disposicións que dita a Asemblea Xeral, a Xunta directiva e o Presidente
- c) Aboar as cotas que establece a Asemblea.

Artigo 8

Para ser admitido como socio, será necesario:

- Solicitud por escrito dirixida ao Presidente.
- Ser maior de idade, ou menor non emancipado, de a lo menos catorce anos, cando conste documentalmente o consentimento dos seus pais, tutores ou persoas que de feito suplan a súa capacidade legal.
- Satisfacer as cotas correspondentes.

Artigo 9

A condición de socio pérdese:

- Por falecemento
- Por vontade propia, previa comunicación por escrito ao Presidente da entidade deportiva.
- Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, previo requirimento do pago e consecuente resolución do Presidente.

- Por acordo do Presidente, fundado na comisión de faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

Situación de baixa temporal:

- O socio terá dereito a solicitar a baixa temporal cando, por razóns de estudos, traballo ou calquera outra circunstancia transitoria, traslade a súa residencia legal fóra do ámbito territorial do club por un período mínimo de un ano (en caso de estudos se aplicará un ano académico).
- A solicitude cursarase mediante escrito dirixido ao Presidente no que se razoarán as circunstancias concorrentes.
- A concesión da baixa temporal será acordada pola Xunta Directiva.
- O socio en situación de baixa temporal poderá reintegrarse como socio do club, cando o solicite mediante escrito dirixido ao Presidente, sen someterse aos requisitos de novo ingreso nin ao pago das cotas sociais correspondentes ao devandito período. Mentres se atope en situación de baixa deberá satisfacer as cotas de obra que se fixen.

CAPÍTULO IV. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO, RÉXIME DE ELECCIÓN, FUNCIONAMENTO E CESE

Artigo 10

Os órganos de representación e goberno do club son a Asemblea Xeral, o Presidente e a Xunta Directiva.

Sección 1ª. A Asemblea Xeral

Artigo 11

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do club e estará integrada por todos os socios de número. Todo socio de número con dereito de asistencia á Asemblea poderá facerse representar por outro socio de número provisto do mesmo dereito mediante autorización escrita, única para cada asemblea, que deberá ser posta en coñecemento do Presidente con 48 horas de antelación ao comezo da sesión.

Os socios eventuais e os socios familiares poderán asistir á Asemblea e as súas opinións serán oídas pero non terán dereito a voto nos asuntos a tratar na mesma.

Artigo 12

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou do 25%, como mínimo, dos socios de número. Na convocatoria da Asemblea Xeral incluírase o correspondente orde do día. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea deberá mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderán transcorrer máis de vinte.

Artigo 13

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando asistan o Presidente, ou o seu substituto legal, e a maioría dos socios de número. En segunda e última convocatoria, quedará validamente constituída calquera que sexa o número de membros presentes, ademais do Presidente ou o seu substituto legal. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá transcorrer, polo menos, media hora.

Artigo 14

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, para tratar as seguintes cuestións:

- Memoria, liquidación do orzamento, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.
- Orzamento para o exercicio seguinte.
- Propostas do Presidente ou da Xunta directiva.
- Proposicións que formulen os socios avaladas, como mínimo, polo 5% dos socios de número.

Sección 2ª. Presidente

Artigo 15

O Presidente será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto, por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.

Artigo 16

O Presidente é o órgano executivo do club, ostenta a súa representación legal; convoca e preside os órganos de goberno e representación; executa os seus acordos e decide co voto de calidade en caso de empate; ordena os pagos por conta do club; autoriza coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia; vela polos fins do club; adopta calquera medida urxente que sexa necesaria, sen prexuízo de dar conta a Xunta Directiva na próxima reunión.

Artigo 17

O Presidente cesará, ademais de polas causas establecidas no artigo 29, pola aprobación dunha moción de censura pola Asemblea.

Artigo 18

A moción de censura terá que ser presentada, como mínimo, polo 20% do membros da Asemblea Xeral con dereito a voto, mediante escrito dirixido ao Presidente. Na dita petición deberá solicitar ao Presidente a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria coa moción como único punto da orde do día, e propoñer un candidato alternativo á Presidencia.

Artigo 19

Para a convocatoria desta Asemblea Xeral Extraordinaria actuarase conforme aos artigos 12 e 13 deste estatuto. Non será válido o voto por correo nin a asistencia por representación.

A censura votarase por un sistema de dobre volta. En primeira votación, esixirase maioría absoluta dos membros da asemblea presentes; e na segunda, maioría simple dos asistentes. Entre a primeira e a segunda volta deberá pasar unha hora.

Artigo 20

O candidato investido na moción de censura será polo tempo que resta para o remate do mandato.

Artigo 21

Se non prospera a moción, non se poderá presentar outra dentro do mesmo mandato. Ademais, tampouco se poderá presentar contra o candidato investido nunha moción polo tempo que reste para concluír o seu mandato.

Sección 3ª. Xunta Directiva

Artigo 22

A Xunta Directiva estará integrada polo Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e Vogais. O número de membros non poderá ser inferior a tres nin superior a dez.

Artigo 23

Para ser membro da Xunta Directiva requírese:

- Ser socio de número
- Estar en pleno uso dos seus dereitos civís
- Non incorrer en incompatibilidade

Artigo 24

O Presidente terá as facultades que se sinalan no artigo 16.

Artigo 25

O Vicepresidente substituirá ao Presidente en caso de ausencia, enfermidade ou cese, e exercerá aquelas funcións que lle encomende o Presidente por delegación.

Artigo 26

O Secretario terá as seguintes facultades:

- a) Exercer as funcións de secretario na Xunta Directiva e na Asemblea Xeral.
- b) Redactar cantos documentos afecten as tarefas administrativas da entidade deportiva

- c) Dar fe das actuacións e intervencións nas Asembleas e na Xunta Directiva.
- d) Transcribir as actas das reunións dos órganos de goberno aos libros oficiais.
- e) Expedir certificacións das actas.
- f) Coidar do arquivo da documentación
- g) Dar conta á Xunta Directiva das comunicacións, oficios, proposicións e canta correspondencia se reciba no club.
- h) Levar ou facer levar ao día o ficheiro e o libro de rexistro de socios, facendo constar as altas e baixas que se produzan.

Artigo 27

O Tesoureiro é o depositario do club, levará os libros de contabilidade e autorizará os pagos co visto e praxe do Presidente, dispoñendo das contas bancarias con sinatura mancomunada co Presidente. Durante o primeiro trimestre do ano, formalizará o balance de situación e as contas de ingresos e gastos do club.

Artigo 28

Os vogais terán as obrigas propias do cargo, así como aquelas que lles encomenden por delegación.

Artigo 29

Os membros da Xunta Directiva cesarán por:

- Transcorrer o prazo polo que foron elixidos
- Dimisión, previa comunicación por escrito ao Presidente
- Falecemento, incapacidade física ou psíquica
- Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción disciplinaria
- Incompatibilidade
- Perda da condición de socio da entidade deportiva

Artigo 30

Os membros da Xunta Directiva serán nomeados e cesados libremente polo Presidente, entre os socios de número da entidade deportiva.

Artigo 31

A duración do mandato dos membros da Xunta Directiva será de catro anos, prorrogables, debendo comunicar dita circunstancia ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Artigo 32

O Presidente poderá modificar o número dos membros da Xunta Directiva así como asignar a un membro da Xunta Directiva un ou máis cargos, sen que tales circunstancias constitúan modificación estatutaria.

Todos os cargos serán gratuítos e carecen de interese no resultado económico da explotación da entidade por sé mesmos ou por persoas interpostas.

Artigo 33

A Xunta Directiva será convocada polo Presidente, a iniciativa propia ou a petición do 50% dos seus membros. Na convocatoria incluírase a correspondente orde do día, entre a data de convocatoria e celebración deberá mediar como mínimo 3 días.

A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran o Presidente e a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria, será suficiente coa presenza do Presidente e, polo menos, tres dos seus membros.

Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá transcorrer, polo menos, media hora.

CAPÍTULO V . RÉXIME DE ADOPCIÓN DE ACORDOS E MEDIOS PARA A SÚA IMPUGNACION

Artigo 34

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos asistentes, requiríndolles unha maioría cualificada e un quórum determinado de asistencia para a aprobación de aqueles asuntos que establezan os Estatutos.

Artigo 35

Os acordos da Xunta Directiva aprobaranse por maioría simple dos asistentes, salvo as maiorías cualificadas previstas nos Estatutos.

Artigo 36

Os acordos da Xunta Xeral, da Xunta Directiva, así como aquelas decisión nas que os Estatutos facultan ao Presidente, serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo da posibilidade de impugnación ante os órganos competentes das federación e ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Os conflitos internos que poidan xurdir nas entidades deportivas que non se atopen previstos no ámbito da xurisdición deportiva teñen natureza puramente asociativa e de ámbito civil, sen prexuízo de sometelos a arbitraje nos termos previstos no título VII da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

CAPÍTULO VI. RÉXIME DE RESPONSABILIDADE DOS DIRECTIVOS E SOCIOS

Artigo 37

Os órganos e socios do club estarán sometidos ao regulamento disciplinario do club e ao establecido no título VII da Lei 3/2012, do deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 38

Así mesmo, o Presidente e os demais membros da Xunta Directiva responderán fronte aos socios, o club ou terceiros dos prexuízos que ocasionen por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do club e o ordenamento xurídico vixente.

CAPÍTULO VII. RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 39

O réxime documental do club está integrado por:

- O libro de Rexistro de Socios, no que deberán constar os seus nomes e apelidos, o número do documento nacional de identidade e, se é o caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan no club. Tamén se especificarán as datas de alta e baixa e as de toma de posesión e cese dos cargos citados.
- O libro de Rexistro de Actas, no que se consignarán as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con indicación da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados, as actas estarán asinadas polo Presidente e o Secretario do club. Tamén constarán no libro as decisións que adopte o Presidente de aqueles asuntos para os que se atope lexitimado, indicando a data e o acordo adoptado, que serán asinados polo Presidente.
- Os libros de contabilidade, nos que figuran tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, os ingresos e gastos do club, debendo precisar a procedencia dos ingresos e a inversión ou destino dos gastos.
- Todos aqueles libros auxiliares que se consideren oportunos para o mellor desenvolvemento dos fins do club.

CAPÍTULO VIII. RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 40

1. No momento da aprobación do presente Estatuto, o patrimonio é:
 - Finca denominada *O Caldeiro*, de 8.760 m², arrendada á Entidade Local Menor de Camposancos.
 - Edificio social.
 - Edificio de vestiarios.
 - Catro pistas de tenis descubertas.
 - Dúas pistas de pádel.
 - Tres piscinas descubertas.
 - Pista polideportiva e frontón descubertos.
 - Parque Infantil.
 - Ximnasio.
 - Dúas pistas de swingball / squash.
2. No futuro o patrimonio do club estará integrado por:
 - a. As aportacións económicas dos socios, que aprobe a Asemblea Xeral.
 - b. As doazóns e subvencións que reciba.

- c. Os resultados económicos que pode producir as manifestacións físico-deportivas que organice a entidade.
- d. As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.

Queda expresamente excluído como fin do club o ánimo de lucro e a totalidade dos seus ingresos e beneficios aplicaranse ó cumprimento dos seus fins sociais.

Artigo 41

O club poderá gravar e allear bens, mobles e inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

1. Que se autoricen tales operacións por maioría de dous terzos dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.
2. Que ditos actos non comprometen de modo irreversible o patrimonio da entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderase esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno ditame económico-actuarial.
3. Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles e inmobles que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

Artigo 42

O Club poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, que serán nominativos.

Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En todos os títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 43

Os títulos de débeda só se poderán subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 44

Os títulos de parte alícuota patrimonial han ser asemade, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 45

Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPÍTULO IX. REFORMA DO ESTATUTO

Artigo 46

O presente estatuto só se poderá modificar pola Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal fin, mediante votación favorable de dous terzos dos socios de número asistentes ou representados.

Artigo 47

Dita modificación deberá ser obxecto de inscrición no prazo de dous meses desde a súa aprobación e só producirá efectos desde o momento da súa ratificación e inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CAPÍTULO X. SISTEMA ELECTORAL

Artigo 48

Un mes antes de rematar o mandato para o cal foi elixido o Presidente, constituirase unha Xunta Xestora, integrada polos membros da Xunta Directiva, coa finalidade de convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria, no prazo máximo dun mes, para elixir ao Presidente da entidade. O prazo de presentación de candidatos rematará aos dez días da convocatoria da Asemblea.

Artigo 49

Nos casos de dimisión en bloque da Xunta Directiva, a Xunta Xestora estaría constituída polos socios de número de maior e menor idade, co obxecto de convocar a Asemblea para elixir o novo Presidente.

CAPÍTULO XI. DISOLUCIÓN DO CLUB

Artigo 50

O Club extinguirase ou disolverase por acordo de:

- Dous terzos dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto
- Por sentenza xudicial
- Por outras causas legalmente determinadas

En todo caso haberá de ser notificado ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Artigo 51

Disolvido o Club, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou, subsidiariamente, polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.